



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo (A Coruña)

ASUNTO: INSTRUCCIÓN ENTRADAS PARA AS ACTUACIÓNS DO OUTONO CULTURAL

EXPEDIENTE: 2019/X999/000420 e 2019/G003/001364

Coa finalidade de controlar o acceso as actuacións do outono cultural, considérase necesario por en marcha un procedemento para tal fin; polo que no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Fixar a xestión do control de acceso ás actuacións do outono cultural, consonte coas seguintes instrucións:

1. A semana que haxa actuación, as persoas que queiran asistir como público e asegurarse un sitio no auditorio, deberán chamar ou mandar un correo electrónico indicando o nome, apelidos, DNI do/a solicitante, así como o nome e apelidos dos **membros da unidade familiar** que vaian asistir ao espectáculo.
 - a. 981.791.252 (ext.4): de luns a xoves de 9.30 a 15.00
 - b. cultura.deportes@bergondo.gal: dende o luns ás 9.30 ata o xoves ás 23.59
2. Por unidade familiar entendemos o conxunto de individuos que viven xuntos. Deberán estar todos/as os/as que o soliciten, empadroados/as no Concello de Bergondo.
3. O día do espectáculo abrirase a Senra unha hora antes do comezo espectáculo coa finalidade de que os solicitantes recollan as entradas para asistir ao espectáculo. Para recollelas será requisito imprescindible a presentación **do DNI do solicitante**.
4. Se non se cubriren a totalidade das prazas do auditorio, poderase acceder ata completar o seu aforo.
5. As entradas reservaranse ata cinco minutos antes de que comece a función. No caso de que non se recollan, poderán entregarse a outras persoas que queiran asistir á función, sempre que o aforo estea completo.

SEGUNDO. Publicar a presente na páxina web municipal e no portal de transparencia.

En Bergondo, luns 4 de novembro de 2019

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez

Dou fe; a secretaria

Ana María Cacharrón Castelos